



Eva Díez. #Sen título. 2020

A COLUMNA DE CLOROFILA

O átomo da hedra atravesa a Historia arrastrando as zocas
por iso a anarquía avanza sobre unha parede branca de xeito imprevisible
erguida a súa columna de clorofila cara á fusión de materias diferentes a plena luz
do día.

Eu penduraba a roupa no tendal
e o arame vello vibraba co morse da memoria
coma unha especie de sinapse colectiva
a anarquía
que me fixo chorar por dentro doutros seres que aparentemente non existen
pero que carretan o pole de planta a planta nas mucosas da bioloxía
esa lei perfecta da liberdade
que me fixo chorar por dentro se non fose
se non fose que sabemos
do átomo da hedra
que atravesa a Historia
arrastrando as zocas.

Olga Novo